



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.: 881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



DESCUBRINDO CARRAL: TEMOS MOITO QUE CONTAR!



(Cartel realizado polo alumnado de EI)

CEIP "VICENTE OTERO VALCÁRCEL" de CARRAL
VI Concurso por Proxectos baixo a coordinación (ou participación) da biblioteca escolar
MODALIDADE 1. Proxecto de carácter interdisciplinar coordinado dende a Biblioteca Escolar.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.: 881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



ÍNDICE:

- 1. INTRODUCCIÓN.**
- 2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA.**
- 3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.**
- 4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.**
- 5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**
- 6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.**
- 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**
- 8. AVALIACIÓN EMPREGADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE. INSTRUMENTOS UTILIZADOS.**
- 9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO.**

1. INTRODUCCIÓN.

O noso é o primeiro PDI que se desenvolve no centro. Nunca ata agora se tivera feito este tipo de traballo interdisciplinar ata este ano. Nunca colaborara todo o centro e non tivera un produto social relevante onde o protagonista fora o alumnado. Cando rematamos a feira cultural que se desenvolveu en maio unha compañeira escribiu no grupo interno da biblio de whatsapp: “Parabéns a todas por esta gran festa da aprendizaxe”, esa foi a sensación coa que nos quedamos.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

O obxecto de investigación foi a nosa contorna, a **vila de Carral**. Cada aula (ou nivel, dependendo dos casos) elixiu unha parcela para investigar relacionado coa tradición popular, a fauna e flora, a gastronomía, a historia, a política e organización territorial... todo culminou nunha feira cultural no mes de maio, na semana das Letras Galegas, como homenaxe á nosa contorna máis cercana e ás nosas tradicións.

Así mesmo unimos o PDI coa temática da biblioteca deste ano, as “Poéticas diversas”, e fixemos dúas grandes actividades entre todo o centro, un libro de poesía titulado “Panecía” a partir de metáforas, greguerías e comparacións e “Poesía na Panadaría” unha proposta para entregar poemas en colaboración coas panadarías durante a semana da Festa do Pan de Carral.

Houbo outras actividades relacionadas con esta temática e estivemos coordinados cos diferentes equipos do centro: TIC, Extraescolares e EDLG, xa que unha vez ao mes reunímonos todas e presenza da directora para organizar, rentabilizar e coordinar esforzos.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

XUÑO 2018	Enquisas ao profesorado pedindo colaboración e sondeando a cantidade de xente que estaría disposta a participar nun PDI así como o tema de estudo. Elección en claustro ordinario do tema do PDI do centro: A VILA DE CARRAL
SETEMBRO	Posta en marcha da biblioteca. Traballo de actualización de usuarios e outros.
OUTUBRO	Formación de usuarios para todo o centro por parte de tres membros do equipo cunha parte de organización e outra ALFIN. Convocatoria do concurso de lemas para o proxecto.
NOVEMBRO	Elección do lema e colocación do esquema da sala de mestres onde cada aula/nivel anotou a parte de Carral que quería investigar, este esquema contiña posibles temas. Comeza o proxecto coas actividades



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.: 881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



	de ciencia e pan e coa elaboración do libro de poesía: “ Panesía ”.
XANEIRO	Repártense os elementos motivadores polas aulas deixando dun día para outro bolsas da mascota colgadas das portas con materiais relacionados co proxecto donados polo Concello, libros de consulta, LEGOS, Escornabots... Foron bolsas con material individualizado dependendo do tema elixido e con cartas na que a mascota facía preguntas facilitadoras que animaban a comezar a buscar información. Cada bolsa estaba ilustrada coa mascota do proxecto do que se encargaron as coidadoras do centro.
FEBREIRO	Entroido relacionado co PDI. Horario de biblioteca para os titores.
MARZO	Poesía na Panadaría. Esta actividade contou con propostas de creación poética personalizadas para cada aula por parte da biblioteca, moitas delas seguiron a temática de Carral e están baseadas en técnicas de creación poética de Mar Benegas e Carlos Negro. A actividade foi difundida na prensa e na TVG. A alumna de prácticas do TFM une o seu traballo de Educación Artística co noso proxecto coa actividade para 1º de EP “Vila Imaxinaria” (presente, pasado e futuro de Carral a través da fotografía)
ABRIL	Organización da Feira Cultural para o resultado das investigacións de cada aula/nivel. Saídas didácticas da maioría do alumnado relacionadas co proxecto (tamén no mes de maio)
MAIO	Feira Cultural, presentación dos produtos finais do proxecto. Encontros coa Coral como actividade interxeneracional de remate do proxecto e relacionada coa fotografía antiga.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

- Esquema de formación de usuarios para alumnado e profesorado.
- Esquema de búsquedas na rede.
- Esquema da sala de mestres cos diferentes temas que podía escoller cada aula a modo de exemplo.
- Cartas motivadoras con preguntas para o inicio da búsqueda e promover a alfabetización informacional.
- Selección de recursos materiais para o proxecto por temáticas.
- Actividades relacionadas coa ciencia.
- Propostas de creación poética do libro de poesía *Panesía* con exemplos e fondos bibliográficos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.: 881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



- Todas as saídas didácticas relacionadas co proxecto foron xestionadas polo equipo da biblioteca para facer os primeiros contactos e despois materializadas coa colaboración do EACE.
- Propostas de creación poética para a actividade de *Poesía na panadaría* con exemplos e fondos bibliográficos.
- Elaboración dos vídeos resumo das actividades relacionadas co proxecto, actualización e difusión web.
- Propostas e provocacións do uso do Escornabot e o Kappla. No primeiro caso cos mapas de Carral, no segundo caso coa arquitectura de edificios emblemáticos de Carral. Estas actividades foron para os recreos, no espazo exterior da biblioteca. Non funcionaron todo o ben que deberían porque fai falta sistematizar e dinamizar certas actividades menos dirixidas, así como facer maior formación de usuarios dos colaboradores da biblioteca. Houbo tamén un intento por parte do equipo TIC de facer retos STEM relacionados co proxecto, o ano que ven teremos que ver como organizalo mellor.

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.

Para ver todo o traballo realizado recoméndase visualizar o [GOOGLE SITES \(PICAR AQUÍ\)](#) que recopila o material do profesorado e o do alumnado, se houbera algún problema con el tamén se pode ver na páxina web do centro no apartado do [blog da biblioteca](#). Nótese que neste Sites hai varias pestanas. No borde lateral dereito hai unha que di “MAS” para ver os apartados completos. Tamén hai unha das pestanas que é despregable “O PROXECTO NAS AULAS”, aí atópanse os resultado finais por cursos e unha breve reseña de cal foi o proceso de elaboración. Neste SITES pódese ver con maior detemento o indicado ata o de agora: formación de usuarios, fontes consultadas, produtos finais, cartas da mascota con preguntas facilitadoras, momentos de Entroido, do mes da Ciencia, da Feira Cultural, os poemas de “Panería” e a selección de bibliografía, as propostas de traballo de “Poesía na panadaría”, dossiers de plantas, inventarios de animais de Carral, recetarios...



DESCUBRINDO CARRAL: TEMOS MOITO QU...

O INICIO

FORMACIÓN DE USUARIOS

CARTEL SALA DE MESTRES

ELECCIÓN DO LEMA

Más ▾

DESCUBRINDO CARRAL: TEMOS MOITO QUE CONTAR.

En resumo, os produtos finais do proxecto expostos na [FEIRA CULTURAL](#) foron:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.: 881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



4º de EI A e B	Refraneiro. Vídeo presentación e exposición física do mesmo.
5º de EI A e B	Localizacións de lugares emblemáticos da vila no mapa (incluídas as súas vivendas). Axudáronse do scornabot e gravaron un vídeo..
6º de EI A e B	Recetario. Vídeo presentación e exposición física do mesmo.
1º de EP A e B	Herbario de plantas de Carral; Inventario de animais de Carral; Vídeo poema “Cóidese moito” (Referente Sophie Calle); Instalación artística “Carral 2030: Vila Imaxinaria” no edificio do Concello: Toñito Espiñeira (TFM de Noemí Vázquez baseado na fotografía). Gravación do programa da TVG “Anacos de Vida” (complementando o TFM)..
2º de EP A, B e C.	Ríos e rochas. Mural colaborativo.
3º de EP A e B.	Catrexos. Tríptico informativo e maquetas de <i>pallabarro</i> .
4º de EP A, B e C.	Murais e puzzles do escudo e do mapa de Carral.
5º de EP A, B e C.	Elaboración de partidos políticos por aulas con diferentes propostas de mellora para a vila, elección do alcalde infantil e pleno Infantil no Concello.
6º A	Maqueta da vila de Carral para transitar cos escornabots, códigos QR con informacións relevantes de cada parroquia.
6º B	Elaboración dun muíño de pedra como os que funcionan no río Barcés.
INGLÉS	English Around Carral. Recopilación de fotos da vila onde o inglés está presente: tendas, anuncios, camisetas...
FEIRA CULTURAL	Todo o alumnado foi expositor e visitante da feira.
OUTRAS TAREFAS:	Entroido carralexo, Novembro mes da ciencia (ciencia e poesía cos elementos cos que se elabora o coñecido pan de Carral). Experimentamos co millo, a auga e a terra ou sustrato. Libro colaborativo de poesía (Editorial Pingüi): Panesía. Este libro leuse na praza do Concello o día da Festa do Pan de Carral a través dun representante de cada aula. Poesía na Panadaría: os panadeiros e panadeiras da Asociación de panadeiros de Carral repartiron as poesías dos nenos e nenas con cada peza de pan que vendían. Encontro interxeneracional coa coral “Aires de Carral”. Convivencia na que se visionaron diferentes fotos antigas da vila, algunhas das persoas que viñeron a cantar e a contar aparecían nesas fotos ou eran familiares.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.:881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Foi un encontro moi emotivo onde aprendimos uns dos outros e escoitamos as experiencias dos nosos maiores.

6. RECURSOS E FONTES UTILIZADAS.

Utilizáronse os recursos da biblioteca escolar, mercamos moitos libros de poesía para facernos cunha boa colección aproveitando o tema deste ano. Tamén se utilizaron os recursos persoais que nos ofrece a contorna, as “bibliotecas humanas”, pois a veces é complicado atopar fontes que non sexan orais cando o tema a tratar é tan específico. Houbo visitas de familias nas aulas para falar de diferentes temas, por exemplo, guiaron a saída didáctica onde se recolleron as mostras para facer o herbario. Para ver unha relación máis exhaustiva dos fondos recoméndase visitar o google sites do proxecto. Por aulas pódese ver unha pestana despregable onde se especifican mellor as actividades e os fondos.

4º de EI A e B	Libros de refráns e outros de cantigas populares presentes na biblio. Recursos dixitais :Recomendación da páxina de tradición oral “Orella Pendella”. Trípticos do Concello.
5º de EI A e B	Escornabot e mapas de Carral. Trípticos do Concello.
6º de EI A e B	Libros de receitas de cociña como “Cociñando con bolboretas no bandullo” de Xerais e libros CD como “Eu cociño, ti cociñas”. Mandís e gorros da festa do pan. Trípticos donados polo Concello.
1º de EP A e B	Inventarios de Kalandraka, libro de recopilación de fotos antigas de Carral, miniaturas do ciclo da vida dos animais e plantas de Safari, plancha para secar follas, radiografías de animais para a mesa de luz, lupa de observar insectos...
2º de EP A, B e C.	Libros relacionados coa auga e as rochas. Bolsas plásticas para facer un experimento do ciclo da auga.
3º de EP A e B.	Libros relacionados coa prehistoria. Libro acordeón ilustrado da liña do tempo. Miniaturas de Safari do home nos diferentes períodos prehistóricos. Banda deseñada dos Barbanzóns e Bolechas. Recursos dixitais de exemplos de proxecto relacionados coa prehistoria.
4º de EP A, B e C.	Libro de Carral, puzzle feito polo equipo da biblio como exemplo. Trípticos de Carral.
5º de EP A, B e C.	Libros sobre organización política. Logos dos diferentes partidos políticos galegos para investigar os seus programas.

6° A	Escornabot.
6° B	Legos.
INGLÉS	Libros de fotografía.
FEIRA CULTURAL	Aviso a todas as aulas para que se recopilara o que necesitaban para as exposicións. Montaxe de mesas e expositores e recollida da Feira Cultural. Elaboración de horarios coa xefatura de estudos.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Neste curso todo o centro estivo implicado na realización do PDI. Participaron todas as aulas, algúns con proxectos propiamente ditos e outros con pequenas tarefas integradas pero todos e todas colaboraron.

Traballamos en coordinación os diferentes equipos con reunións mensuais, apoiando o traballo uns dos outros e co apoio e presenza da dirección.

A xefatura de estudos encargouse, xunto co equipo de biblioteca, da organización temporal e espacial da Feira Cultural. Hai que ter en conta que somos un centro de 445 alumnos e alumnas e non é fácil organizar este tipo de actividades.

As coidadoras estiveron sempre pendentes de prestar axuda, e por exemplo, ilustraron as bolsas coa mascota da biblioteca.

As familias colaboraron con charlas nos proxectos e como apoio nos procesos de aprendizaxe e fontes de información. Non estiveron presentes na feira cultural, ao se a primeira e ser un centro grande esperamos a ter a experiencia deste ano para abrir a exposición ás familias. Despois da boa acollida este ano reformularemos os tempos e espazos da Feira e deixaremos entrar ás familias.

Falamos telefonicamente e en persoa moitas veces co Técnico de Cultura do Concello e coa de Educación tanto para ler o día da Festa do Pan como para a visita da Coral ou a Poesía nas Panadarías.

Algunhas das actividades como a lectura de poemas na Festa do Pan, a gravación do programa da TVG ou a instalación artística “Vila Imaxinaria” foron en horario non lectivo polo que tivemos que contar coa colaboración inestimable das familias e a boa vontade dos membros do equipo de biblioteca.

8. AVALIACIÓN EMPREGADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE. INSTRUMENTOS UTILIZADOS.

Cada clase utilizou o seu sistema de avaliación: a observación directa, portfolios, os diarios de aprendizaxe, as rúbricas, as listas de cotexo, as probas escritas... Utilizamos os

registros do MEIGA para concluír que este ano se prestaron 1000 libros máis por moitos motivos, un deles o PDI. Ademais fixemos enquisas a alumnado e profesorado tanto de uso de biblio como das actividades realizadas. A media de valoración é boa e moi boa. Para ver estas enquisas pódese picar [AQUÍ](#). Estas enquisas foron pasadas ao profesorado e ao alumnado de 4º, 5º e 6º. Nelas especificase a valoración das diferentes actividades levadas a cabo pola biblio ou a *hora de ler*.

Xa temos fixado o PDI do ano que ven relacionado cos Xogos Olímpicos.

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO.

A biblioteca volve a ter no noso centro maior peso como centro de recursos e lugar de creación. Este foi o primeiro PDI que se fixo no centro e no que participou toda a comunidade educativa do cal estamos moi orgullosas pois somos un claustro de 37 mestres, liña 2 e 3. O nivel de implicación foi variado, se ben do resultado das enquisas pódese vislumbrar que a feira cultural foi todo un éxito de participación e exposición. Pode ser mellorable en tempos e espazos pero para comezar estamos contentas pois intentamos mellorar as competencias ALFIN e AMI do alumnado, a expresión oral e o espírito emprendedor, e o máis importante: implantar metodoloxías que sexan máis acordes coa atención á diversidade e a inclusión educativa tal como establece o D.229/2011 de atención á diversidade. Non en vano, moitos dos materiais que se mercaron para a feira son manipulativos, é dicir, cumpren os criterios de accesibilidade cognitiva e biblioteca inclusiva.

Ademais de todas estas tarefas programáronse encontros con autores como María Lado, Sabela Fernández Trelles, Charo Pita, Leticia Costas ou Adrián Morgade. Nos grupos interniveis fixéronse [recomendacións lectoras con códigos QR](#) e tamén un pequeno [xornal](#). Houbo [trípticos](#) de recomendacións lectoras de Nadal e de verán. Houbo, en fin, moitas máis actividades que as do proxecto.

No noso centro hai aulas que non utilizan todos os libros de texto. En EI non os hai, en primeiro so o de lingua e matemáticas, en 2º prescinden dos libros das ciencias e os dos cursos máis altos son de Fondo Libros pero en moitas aulas tamén se prescinde deles ou se utilizan como material complementario en algunhas materias. Temos aínda moito que andar e aprender pero é un paso.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCCEL

Rúa Juan Seijas, s/n-15175 CARRAL (A Coruña)

Teléf.:881880446 – Fax: 881881453

e-mail: ceip.vicente.otero@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero/>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Destacar tamén que temos un proxecto para cambiar o espazo da biblioteca con espazo para a radio e a gravación audiovisual, espazos informativos con material manipulable e un corredor para ocupar con espazos cómodos que inviten á lectura por pracer. Tamén se vai facer un espazo maker propiamente dito no primeiro andar. Estamos inmersos e proxectos e obras que este ano nos van dar moito traballo. Temos que recatalogar toda a colección porque antes éramos un CPI e a catalogación non axuda a sacar estadísticas fiables. Este mes de xullo algúns dos membros do equipo de biblio estamos visitando varias bibliotecas inmersas no LIA 2 buscando fontes de inspiración para reformular a nosa e adaptala aos novos tempos. Xa temos fixado o PDI do curso próximo. A biblio móvese. Seguimos camiñando con moito que aprender e que traballar pero ilusionadas cunha nova etapa que esperemos vaia medrando e dando os seus froitos. Estes froitos non serán outros que a de converter a biblio no centro da cultura, do encontro, da participación e da creación do centro tendo sempre á vista o seu papel fundamental para a promoción da lectura, como fonte de aprendizaxe en múltiples soportes e con diferentes fins e, sobre todas as cousas, inclusiva e compensadora de desigualdades.